



PAZOS DE GALICIA e os seus xardíns



PAZOS DE GALICIA
e os seus xardíns

PAZOS DE GALICIA e os seus xardíns

Introdución

JOSÉ MARÍA BERMEJO

Textos

MARÍA EUGENIA RUIZ DE AZCÁRATE

Receitas

PEPE SOLLA

Fotografías dos xardíns

LUIS CARRÉ
BEATRIZ MARCHESI
FUCO REYES

Fotografías das receitas

TONO ARIAS

Ilustracións

PILAR BUGALLAL

© Xunta de Galicia, 2018
© Dos textos: os seus autores
© Das fotografías: os seus autores
© Das ilustracións: Pilar Bugallal
© Das receitas: Pepe Solla

Creación e realización: Lunwerg, 2018
ISBN: 978-84-08-19714-0
Depósito legal: B. 20.285-2018
Imprime: Talleres Gráficos Soler

Lunwerg é un selo editorial de Editorial Planeta, S.A.
Avinguda Diagonal, 662-664 – 08034 Barcelona
Calle Josefa Valcárcel, 42 – 28027 Madrid

Non se permite a reprodución total ou parcial deste libro, nin a súa incorporación a un sistema informático, nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio, sexa este electrónico, mecánico, por fotocopia, por gravación ou outros métodos, sen o permiso previo e por escrito do editor. A infracción dos dereitos mencionados pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual (Art. 270 e seguintes do Código Penal). Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra. Pode contactar a través da web www.conlicencia.com ou por teléfono no 91 702 19 70 / 93 272 04 47.

LUNWERG
EDITORES

galicia

XUNTA
DE GALICIA

Sumario

Presentación.....	9
Xardíns galegos: outra versión do paraíso	11
José María Bermejo	
OS XARDÍNS	
María Eugenia Ruiz de Azcárate	
Quinteiro da Cruz (Ribadumia)	17
Oca (A Estrada)	33
Pazo da Ribeira (Carral)	51
San Lourenzo de Trasouto (Santiago de Compostela)	63
Fefiñáns (Cambados)	77
O xardín de Esperante (Carral).....	95
Sigrás (Cambre)	107
Rubiáns (Vilagarcía de Arousa)	125
Xaz (Oleiros)	143
Santa Cruz de Ribadulla (Vedra)	159
Faramello (Rois)	175
Pazo de Vilasuso (Carral)	195
A Saleta (Meis)	211
AS RECEITAS	
Pepe Solla	
<i>Cogollos</i> crus e cociñados	228
Espárrago branco e aceite de camelias.....	230
Primavera.....	232
Entrecosto de vaca, apiorravo, cacahuetes, flores e follas	234
Té con cítricos e mel.....	236
Cereixas, quefir, remolacha e flores.....	238

Presentación

A paisaxe constitúe unha das sinais de identidade que máis caracterizan a un territorio e Galicia conta con elementos tan propios que o fan inconfundible. A nosa distribución xeográfica fixo que sexa na contorna rural onde quizá se manifesta con máis forza a nosa idiosincrasia e, tanto na costa como no interior, a comunidade galega atesoura espazos únicos

Ao longo do tempo, o clima e a orografía foron moldeando o noso espazo físico, de maneira que isto determinou en gran medida a nosa forma de vivir, as nosas relacións coa contorna e connosco mesmos.

Os galegos somos xente que amamos a nosa terra, sentimos apego por ela e ata demos nome a ese sentimento de nostalgia que aflora na distancia: a morriña. A forza da paisaxe e dos elementos que o compoñen é moi grande en Galicia, o cal nos permite atesourar tipoloxías propias e orixinais. É o caso dos pazos: construcións fidalgas e fundamentalmente rurais nas que a arquitectura e as súas contornas marcan a diferenza.

Os pazos, os seus xardíns e os seus campos forman parte dunha paisaxe netamente galega que nos identifica tanto dentro como fóra do noso territorio, e no que se desenvolveu boa parte da nosa historia, foi protagonista dalgunha das mellores obras literarias dos nosos escritores e tamén dalgún dos nosos fitos culturais e científicos.

Constitúen unha parte fundamental do noso patrimonio artístico e algúns, na actualidade, ofrecen hospedaxe como establecementos hostaleiros ou de turismo rural para conformar unha das mellores e máis exclusivas ofertas de aloxamento.

E nos seus xardíns empezáronse a cultivar moitas das especies vexetais que hoxe crecen en toda Galicia e que manteñen todo o esplendor co que foron concibidos.

Especies como a camelia, que veu de Oriente e na actualidade é a flor de Galicia, onde florece en infinitas variedades coidadas con esmero en moitos dos nosos pazos. Camelias que aquí teñen numerosos e moi diversos usos e mesmo se incorporaron á nosa gastronomía.

Nesta publicación está unha parte deste rico acervo cultural de Galicia, tan orixinal e tan auténtico que nos comprace enormemente compartilo.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



Xardíns galegos: outra versión do paraíso

Imaxe e resumo do mundo, o xardín sostén –na súa fragilidade cambiante e na súa vitalidade renovadora– a nosa nostalgia do Edén perdido. O xardín é, ao mesmo tempo, natureza e cultura. Por iso, a «Carta de Florencia» (1982) define ao xardín histórico como «monumento vivo»: non só en si mesmo, polas plantas que seguen o seu ciclo evolutivo, polo tempo que pasa ou polas gradacións de luz que o fan diferente a cada instante, senón tamén polo impulso de creatividade que o ser humano puxo nel. Un xardín é, en certo xeito, un soño materializado de auga, ceo, vexetación, cor, son, aroma, sabor, terra, pedra, memoria...; pero revela, ao mesmo tempo, unha personalidade diferenciada: a do espazo que o acolle; a da cultura que o anima. Aquí falamos dos xardíns de Galicia, ligados, en gran parte, aos pazos, á súa historia, á súa arquitectura, á súa organización socio-económica, á súa identidade ambigua pero rotunda. E falamos –como non– dunha paisaxe mítica.

O campo verde e a mar prateada definen o espazo galego, reavivado pola humidade constante, por un ceo que alterna a néboa e o orballo co azul máis puro. Dende o interior montañoso, sucado por mil ríos, ata o litoral suave das Rías Baixas ou de As Mariñas ou o litoral abrupto da Costa da Morte, Galicia revélasenos como un país verde, tépedo e chuvioso, marcado pola supremacía da Natureza. A gradación do relevo vaixe definindo, de abaixo a arriba, por terras baixas de val e litoral, suaves bocaribeiras, montes ondulados e serras poderosas. O mar, os ríos, a choiva e o paso do tempo foron moldeando o relevo granítico e as constantes dunha paisaxe atlántica, marcado, á súa vez, por unha intensa actividade humana.

O relevo –accidentado pero suave, con numerosos microclimas– e o ambiente tépedo e chuvioso contribuíron a configurar un hábitat de pequenas aldeas dispersas e próximas, un espazo convivencial enraizado nunha lingua propia –de rica e intensa transmisión oral– e nunha cultura de fortes connotacións máxico-relixiosas.

Esos valores subsisten en gran parte, a pesar do vertiginoso proceso de transformación social, inevitable e ata necesario, aínda que contradictorio, que existe un equilibrio entre a Galicia ensimesmada e a Galicia aberta. A arquitectura autóctona e a propia paisaxe son dous elementos especialmente sensibles nos que se xoga o ser ou o non ser da identidade galega. A arquitectura popular, sabiamente adecuada ás condicións xeoclimáticas e socioculturais, persiste en casas, pallozas, hórreos, muíños, fornos, pesqueiras, pombais, telleiras, alvarizas, palleiras e alpendres. Na súa marabillosa variedade revélase o talento intuitivo dunha «arquitectura sen arquitectos», que combina a máxima funcionalidade coa perfecta integración na paisaxe. Noutro nivel, e con valores similares de funcionalidade e adecuación ao medio, os pazos constitúen unha das marcas máis significativas do patrimonio cultural galego: non só pola súa tipoloxía arquitectónica, que abarca a casa e as construcións auxiliares (adegas, hórreos, fallados, tullas, alpendres, cabazos, invernadoiros, muíños, etc.), senón tamén polos xardíns, parques e terras de cultivo que resumen a riqueza botánica, propia ou foránea, do país.

A cultura dos pazos, que alcanzou o seu esplendor no século XVIII, ten a súa orixe nos vellos señoríos e é unha extensión da «casa grande» ou da «casa-fortaleza». Ana Pereira Molares propón esta definición de «pazo»: «Casa fidalga galega edificada no campo, posuidora de signos heráldicos, de proporcións e feitura suntuarias moi superiores ás do hábitat normal da zona e que presenta, non sempre pero si moi frecuentemente, portón brasonado, capela, pombal, xardíns, etc. E que cronoloxicamente pertence ós séculos XVII e XVIII, malia que poida posuír unha orixe anterior ou adicións de épocas posteriores».

A palabra pazo, derivada da palabra latina «palatium», aínda que de uso tardío, suxire o seu rango señorial e residencial, pero, en moitos casos, engloba as características



da explotación agropecuaria, combinando a arquitectura residencial e a arquitectura complementaria ligada a unha economía autosuficiente, e, no ámbito vexetal, os espazos axardinados –máis próximos ao palacio ou á casa grande– e a vexetación produtiva (viñas, hortas, praderías ou bosques). A pesar da súa etimoloxía, o pazo carece de pretensións arquitectónicas e os escasos adornos de arcadas ou terrazas relaciónanse máis coa luz e coa toma do sol que coa ostentación. Con frecuencia, a marca de nobreza concéntrase nalgúns detalles moi concretos: o grosor dos muros, as grandes escalinatas exteriores, as chemineas de gran tamaño (ás veces, con reloxos de sol) e, sobre todo, os escudos de liñaxe –no centro da fachada, na porta principal de acceso, na capela, nas fontes, nos muros ou valados que marcan o límite da propiedade, e mesmo tallados en buxo–. En calquera caso, arquitectura e paisaxe forman un todo indisoluble, como revela o dito popular: «Pombal, capela e ciprés, pazo é». Podemos rastrexar a súa orixe nas vilas romanas, nas torres defensivas e nos palacios medievais, con influencias posteriores da arquitectura campesiña e monástica, as vilas do Renacemento italiano e o palacio barroco. Anxo do Campo resume a tipoloxía dos pazos en

catro categorías fundamentais: 1) casarón entre torres de orixe medieval con ás traseiras que inclúen un patio de función utilitaria (por exemplo, Vista Alegre, en Vilagarcía de Arousa, en Pontevedra); 2) construción en forma de U, formada por tres edificios e frecuentemente por unha cerca con portada que adoita mostrar brasón (Vilar de Ferreiros, en Santiago, A Coruña); 3) edificio de dúas ás en ángulo recto, enmarcando un xardín (Oca, preto de A Estrada, en Pontevedra, é o exemplo máis sobresaliente, terminado en 1746 sobre un núcleo de fins do século XV), e 4) casarón de bloque sólido (Bóveda, en Lugo, con fachada de galería de arcadas, de 1772). En xeral, podemos citar algunhas características comúns: planta rectangular, grosos muros de granito, disposición en dúas plantas, coxías e entaboados de castiñeiro, soportais en planta baixa e galerías ou solainas na planta superior, cubertas de escaso voo a catro augas e densa contorna vexetal.

Os avatares políticos e as transformacións sociais foron alterando os usos ou ameazando a mera supervivencia deses espazos singulares. A cultura *pacega*, coas súas luces e sombras, extinguiuse, practicamente, nas primeiras décadas do século XIX, coa transformación do pazo en

mera residencia, pero subsisten, aínda, algúns valores patrimoniais –arquitectónicos e paisaxísticos– que é preciso coidar como legado importante da memoria colectiva.

A xardinería é un dos elementos máis suxestivos e fascinantes dos pazos galegos: non só pola súa orixinalidade e a súa variedade, senón tamén pola súa relación coa contorna paisaxística e pola beleza cambiante, asociada co paso das estacións e co porte, as tonalidades e as formas das plantas, sen esquecer a presenza da auga, os elementos ornamentais de pedra labrada (estanques, fontes, cascadas, estatuas, balaustradas, escalinatas, miradoiros, pérgolas, etc.), y, por suposto, a fauna. As aves alegran co seu canto este microcosmos: gorrións, lavandeiras brancas, merlos, pegas rabilonga, córvidos, rulas, pombas, pimpíns, reiseñores, xiríns comúns, carboeiros, ferreiriños, lavandeiras, cirrios, andoriñas, petos reais, gabeadores, etc. As bolboretas zigzaguean entre a foresta, como nerviosas fadas de luz, e as ras se afunden nas charcas apartadas e sombrías. Todo –o grande e o pequeno– convive nestes espazos de felicidade.

No libro *Árbores monumentais no patrimonio cultural de Galicia*, Carlos Rodríguez Dacal e Jesús Izco

descóbreonos algunhas marabillas: o «Avó de Chavín» (un eucalipto de case 70 metros), no Souto da Retorta (Viveiro); os castiñeiros de Costa e de Pombairiños, en terras ourensás, cuxos troncos alcanzan un perímetro de ata 12 metros. Árbores con máis de 500 anos –como o carballo do pazo lucense de Cartelos, os castiñeiros do bosque de Pombariños (Ourense) ou a «sobreira» de Balboa, en A Estrada (Pontevedra)– e árbores tan raras como a laranxeira hermafrodita del pazo coruñés de Brandariz, en Ortigueira... (no século XVIII, frei Martín Sarmiento –notario dilixente da flora galaica– anotou, entre outras curiosidades, que os loureiros plantados xunto aos limoeiros os manteñan frondosos, verdes e produtivos durante moitos anos).

Dende os pazos de beiramar divísanse, entre o verdor, os reflexos mariños, coas súas máxicas metamorfoses, a cabalo entre o eterno e lo efémero. O xardín dos pazos –evolución refinada dos hortos orixinais– evoca tamén os primeiros xardíns interiores e as extensas hortas dos grandes mosteiros galegos (Samos, Oseira, Sobrado dos Monxes ou San Martiño Pinario), e responde a unha tipoloxía variada, en función do emprazamento, o clima, o relevo, o espazo,

os usos e a inspiración, con influencias da xardinería francesa –máis xeométrica– ou do paisaxismo inglés –máis libre e natural–, pero con personalidade propia. En opinión de José A. Martín Curty, as pautas que definen a xardinería *pacega* son: illamento, compartimentación, aterraxe e eclecticismo. A verde campiña litoral realza a personalidade e a beleza destes xardíns, que, con frecuencia, superan en prestancia á propia vivenda, con árbores maxestosas, como cedros do Atlas (*Cedrus atlantica*) ou a súa variedade (*Cedrus atlantica «glauca»*), cedros do Líbano (*Cedrus libani*), abetos do Cáucaso (*Abies nordmanniana*), abetos gregos (*Abies cephalonica*), teixos (*Taxus baccata*), criptomeras (*Cryptomeria japonica*), palmeiras canarias (*Phoenix canariensis*), araucarias (*Araucaria heterophylla*), magnolios (*Magnolia grandiflora*), tileiros prateados (*Tilia tomentosa*), ou plátanos de sombra (*Platanus acerifolia*), ou con especies tan peculiares como o rododendro do Ponto (*Rhododendron ponticum*), o ligustro lustroso de China (*Ligustrum acidum*), ou tan características como o carballo (*Quercus robur*), o carballo albar (*Quercus petrae*), o castiñeiro (*Castanea sativa* ou *Castanea vulgaris*), o loureiro (*Laurus nobilis*), o loureiro real (*Prunus laurocerasus*), o érbedo (*Arbutus unedo*), o acivro (*Ilex aquifolium*), o evónimo (*Evonymus*), a celinda (*Philadelphus coronarius*), a laranxeira (*Citrus aurantium*), o limoeiro (*Citrus limon*), o salgueiro chorón (*Salix babilónica*), a «bóla de neve» (*Viburnum opulus «Sterile»*), a hortensia (*Hydrangea macrophylla*), o buxo (*Buxus sempervirens*) que enmarca os espazos, ou a camelia (*Camellia japonica*), a raíña exótica dos xardíns galegos, que mereceu o nome de «flor das Rías Baixas», aínda que a súa presenza esténdese a outras zonas atlánticas de Galicia.

A sensación de «eterna primavera», mesmo nos meses de inverno, explícase pola frondosidade vexetal, sostida pola humidade do ambiente ou polos cursos de auga, e pola implantación de especies que permanecen verdes todo o ano ou ás que, sabiamente mesturadas, aseguran unha floración sucesiva, escasa e matizada, que se vai relevando. As árbores de folla caduca e a abundante hedra poñen unha nota romántica nos días outonais.

Na comarca pontevedresa do Ulla, o pazo de Oca é coñecido como «o Versalles galego», sobre todo polo seu fermoso xardín interior, vivificado –como todo o pazo– polo arroio Badoucos. Todo é aquí delicia: os bordes do buxo, mirándose nas augas dos estanques ou bordeando a fonte de granito, coa súa orixinal forma lobulada; a gran ría canalizada que se bifurca baixo a ponte; o fulgor das

hortensias; o longo paseo dos tileiros; a branca galería; o vello lavadoiro, as camelias, cuxos pétalos cobren os camiños de inverno (entre elas, unha camelia centenaria de 15 metros de altura)...

O pazo coruñés de Mariñán, asomado á ría de Betanzos e ás ribeiras do Mandeo, é outro dos espazos singulares, co seu acceso de plátanos de sombra –de ata 50 metros de altura–, castiñeiros de Indias e eucaliptos; a súa avenida de camelias antigas e de piceas, e, xa no corazón do xardín barroco, o seu *parterre* de buxo –obra mestra da topiaria ornamental– e as súas marabillas vexetais, abertas ao aire salino: buxos, teixos, érbedos, plátanos de sombra, alciprestes de Portugal, chopos negros, freixos do maná... O pequeno xardín do embarcadero ou balcón da ría evoca, na súa íntima sensualidade, a lenda dos amores furtivos de dona Constanza, filla do poderoso Gómez Pérez dás Mariñas.

O pazo de Lourizán, tamén en terras de Pontevedra, ofrece –ademais do aire romántico da súa reconstrución a finais do século XIX sobre un edificio do XV– a sorpresa dun inmenso predio forestal que rememora a estrutura da explotación agropecuaria, con espazos ben diferenciados (o xardín, o predio e o parque natural), axuntando a investigación forestal, a arte da xardinería e a natureza primixenia. A estrutura reitérase noutros espazos similares, como o pazo de Ortigueira –máis coñecido como pazo de Santa Cruz de Ribadulla (A Coruña)– ou o conxunto de Castrelos, en Vigo, que inclúe o pazo barroco –hoxe museo Quiñones de León–, os xardíns históricos (xardín de rosas, xardín francés, xardín inglés), o bosque, o arboredo e unha parte do paseo de Lagares. Neste conxunto de Castrelos –con viveiro, pombal e auditorio–, hai que destacar, a glicinia de entrada ao xardín francés e á pradería do Té, o paseo de Odriozola, con dobre fila de camelias, e, unha vez máis, a corrente vivificadora dun arroio: o Lagares.

Hai outros espazos singulares que merecen ser coñecidos e gozados: por exemplo, os xardíns públicos de Posío, en Ourense; e, na provincia de A Coruña –ademais do xardín de Méndez Núñez, na capital–, o xardín histórico-artístico de Padrón; A Ferradura, en Santiago de Compostela, e O Pasatempo, en Betanzos, rico en flora americana, deseñado a principios do século XX, seguindo os modelos italianos do Renacemento (en especial, o do xardín de Bomarzo), cunha dobre intención: recreativa e didáctica.

As camelias, os rododendros, as azaleas e as acacias «dealbatas» (mimosas) poñen o seu toque floral na relativa

monocromía do inverno e as súas flores perduran ata o inicio da primavera, cando aínda son escasas as especies ornamentais floridas. Se houbese que elixir unha flor, como cifra e selo dos xardíns pacegos, esa sería, sen dúbida, a camelia: bela, fráxil, romántica. Jesús Izco, que a considera un «don de Deus», escribe: «Na competencia entre buxo e camelia, esta triunfou sen discusión. A substitución é explicable dada a enorme desigualdade entre ambas as especies na súa follaxe e nas súas flores, con vantaxe para a camelia en todos os casos

Durante o outono e o inverno as súas grandes follas brillan lustrosas coa choiva, e as súas copas cállanse de flores vermellas, encarnadas, rosas, *viñosas*, violetas ou brancas inmaculadas, ou *variegadas*, que se multiplican en gran número de formas: plenas, semidobres, dobres, peonía, anemone. Flores que resaltan sobre o verde escuro das copas, como luceciñas de cor, segundo cantouse en verso...».

Relativamente tardía, pois introduciuse en Galicia a mediados do século XIX, procedente de Portugal –que a importaba das Indias Orientais–, a camelia aparece escasamente no literatura galega, anda que é citada por Emilia Pardo Bazán, Curros, Pondal, Rosalía de Castro, Wenceslao Fernández Flórez, Ruibal ou Álvaro Cunqueiro, que escribiu unha *Laude da camelia*. O delicado madrigal que Federico García Lorca dedicou a Santiago de Compostela comeza así:

*Chove en Santiago
meu doce amor.
Camelia branca do ar
brila entebrecida ao sol.*

Na poesía xaponesa –sobre todo no *haiku*– é unha das flores máis celebradas. Kyoshi (1874-1959) expresa, nun dos seus poemas máis coñecidos, a fragilidade da beleza ou –se se quere– o risco da perfección fuxitiva:

*A camelia
plenamente florida
é xa algo fea...*

(Quizá por iso, para o *ikebana* da cerimonia do té adóitase coller, un pouco antes, unha camelia entrecerrada, aínda con rosada...)

O pazo de Santa Cruz de Ribadulla presume de ter os exemplares de *Camellia japonica* máis vellos de Galicia, privilexio que se adoita outorgar, erradamente, á «Oranda-Ko» de Castrelos pola súa porte espectacular. No pazo de Oca, a xoia é a *Camellia reticulata* «Captain Rawes», non só pola súa floración espectacular, senón tamén por ser unha das máis antigas da súa especie en Europa. Á entrada do pazo de Torres-Agrelo (Redondela) hai unha *Camellia sansaqua* de 9 metros de alto e 1,40 de perímetro, e na terraza da Fonte, outras dúas multitroneais aínda máis altas (de 11,50 e 12 metros, respectivamente). No conxunto, destaca o cultivar «Barón de Soutelinho», de flores rosas e olorosas. Os xardíns do castelo de Soutomaior, rehabilitados a partir de 1982, contan cunha fabulosa colección, pero o pazo Torre de Lama alberga a maior plantación de camelias de Europa, cunhas 400 variedades.

O valor destes xardíns, hortos, bosques e praderías é inmenso –na súa dimensión material e espiritual–. Merece a pena coidalos e preservalos, non só por si mesmos senón polo que significan. Lembremos, por exemplo, que na Comunidade galega hai 404 especies de flora e fauna en situación de ameaza, das cales 59 están en perigo de extinción (entre elas, algunhas variedades de libélulas, o sapoconcho europeo, a galiña de monte ou o oso, e, entre as plantas, a herba de namorar, o lirio de monte ou o crisantemo).

Os xardíns galegos participan do impulso barroco xerado no século XVIII, con claro predominio da simetría versallesca, aínda que dotados dunha personalidade inconfundible, capaces de integrar –como en Ortigueira– o xeométrico e o paisaxístico, o artificial e o natural, a flora nativa e a exótica. A presenza da auga –visible ou invisible–, a pedra granítica –envellecida polo tempo e embelecida polo verdor orgánico de liques e musgos– e, por suposto, as plantas avivaron a creatividade, moitas veces anónima, dos xardineiros. Un xardín non é só deseño: é, sobre todo, a alma, o aire que o vivifica e faino, en certo xeito, único.

JOSÉ MARÍA BERMEJO



Quinteiro da Cruz

Felipe B. Soares

PAZ DO QUINTEIRO DA CRUZ

Mesturado de camelias

Quinteiro da Cruz estala de cor en pleno inverno cando grandes ronchas amarelas, brancas, roxas..., iluminan as reviravoltas da follaxe. O xardín deixa entón translucir un complicado labirinto de paseos, de escaleiras de pedra e de agochos que constitúen a esencia dun xardín que non é posible captar á primeira.

Un auténtico mesturado de camelias que se espraian suspendidas dos sebes, tan frías e delicadas como a propia luz de inverno. E o xardín cambia con elas a medida que cambian de cor e procedencia. 1.400 variedades, polo menos, que administran amodo a súa historia e a súa lenda.

Veñen de Vietnam, de China, de Xapón. Aclimátanse e quédanse. Todo un alarde de botánica e beleza que se distribúe ao longo do predio en forma de altos muros de verdor ata dar nun xardín interior decorado con fornelas de flores, coma se fosen as paredes dun salón. Un recinto certamente abafador duns seis metros de altura.

O xardín descende logo pola costa, sempre en función dos sebes de camelias que van debuxando recunchos e vereas. Un trazado antigo que conforma, con todo, un xardín novo, dando fe da extraordinaria exuberancia desta terra. Un verdadeiro viveiro decorado que acepta cada día novas plantas sen protestas. Ata dar co límite do bosque –un bosque autóctono de piñeiros e de carballos–, o predio é un escaparate de camelias, rododendros e azaleas. Frondosa e feraz; ningún diría que ten pouco máis de trinta anos de existencia. O conxunto ofrece un aspecto coidadosamente renovado. Puxante. Fontes, bancos e mesas de pedra. O toque tropical dunha araucaria que termina nun airoso penacho de ramaxe.


Na espesura, unha capela que houbo de reconstruírse pedra a pedra a partir dos restos dunha do século XVI, asómase a un panorama de viñedos. Unha pérgola cuberta de xasmíns. A mancha outonal das hortensias. Dous hórreos e un cruceiro poñen por fin o contrapunto galego no conxunto que é sobre todo un xardín que espera.

Ás camelias.

















Oca

Demasiado fermoso para ser descrito

Demasiado fermoso para ser descrito, o xardín do pazo de Oca debería percorrerse sempre en carruaxe; con palafreiros de librea e seis cabalos.

En carroza dourada de principio e logo en landó acharoadado. Só así, de perruca e calzón corto nos inicios, ou tocado de chistera en diante, poderíase non desentoar coa paisaxe.

A realidade, con todo, incorre na poesía. Non queda outro remedio que renderse. En tres séculos de existencia, o barroco, o neoclásico e o romántico sucédense e conviven ao arrol das fontes. Do aire azulado e do brillo das flores.

Non hai remedio. A poesía insiste en impoñerse. Interfire e asenta os seus reais onde quere. Empéñase en navegar polos arrosos e axústase á cadencia das augas. “Romanticona”, desmedida; como elas. Acompaña a serpe de buxo que conduce ao destino fatal do labirinto. Infíltrase entre os entre los tileiros; acazápase tras os sebes. E vólvese ao fin, maxestosa e formal nos estanques onde nada un pato forasteiro atafegado de lirismo.

Acaba de chegar e nótaselle. Pasa lento, contemplando pasmado o panorama: a illa, os florón de hortensias, a ponte das Troitas, os canóns: debe estar a considerar se quedar.

A contorna non pode ser máis elegante: un ceo que é puro Tintoretto, balaustradas de granito case prata, escalinatas, estatuas. E a auga que se afasta tenue e plácida.

O xardín adopta agora un ton versallesco, de horta decorada: viveiro de buxos e de rosas que conviven en paz, con apios, coles e pementos. Kiwis que se remontan ao século XVIII, viñedos centenarios. E nun encadre que non pode ser máis clásico, unhas ocas aplícanse a engulir unhas mazás.


Unha ra despistada busca a auga. A fonte do Teatro termina de ambientar o panorama.

Oca desprega logo unha alarmante topiaria: un caimán e un dragón; as armas da casa. A camelia máis alta de Europa contémplaas e conserva aínda flor ao dar a primavera. Azaleas, froiteiros e camelias comparten entón cor coas hortensias. O xardín vólvese máis concreto; brilla ao sol e despídese do halo de brétema que o cobre no inverno; dese resplandor incerto que propicia a maxia e a lenda.

Demasiado fermoso para ser descrito: un xardín de pedra envolvido no celofán da auga.



















Pazo da Ribeira

PAZO DE A RIBEIRA DE QUINARA
1880

Un perigo para un mal pintor

Emprazado no val de Barcia, o xardín do Pazo da Ribeira é sen dúbida un perigo para un mal pintor.

Só un verdadeiro artista sería capaz de trasladar ao lenzo a beleza quieta dos buxos, e –o que supón un desafío aínda maior– o escuro cristal do río Barcés que compón de seu unha límpida acuarela.


O xardín é obra de Thieve, un francés que en 1810 viño como soldado e quedou de xardineiro. A pesar da súa estrutura case monacal, o conxunto encerra un innegable aire de «salón» do século XIX co seu labirinto de buxo e os seus sofás de pedra estilo imperio –ideados quizá para que as visitas queden pouco tempo–, en conversación constante coa fonte. Baixo a pálida luz das camelias, Madame Recámier estaría no seu elemento.

«Monsiieur Thieve» ocupouse de deseñar outras dúas fontes que acompañan o discorrer dos paseos.

Os sebes e vereas que conducen á pérgola salpicounos de rododendros cor fucsia, de azaleas brancas e de dalias xaspeadas. E alá polas contornas de setembro cóbrense dunha mancha branquiázul de hortensias que contrasta co vermello das canas. As aralias, negras bólas que maduran lentamente ata converterse en contas de rosarios, alíñanse ao redor dunha longa avenida que busca o horizonte. Pero non puido controlar aos esquíos, nin menos ás londras que, unha vez traspasada a cancela, esprémense rápidas, en torno ao bambú negro, aos carballos, abeleiras, castiñeiros, freixos e álamos prateados que, vistos dende a ponte, conforman un aberto bosque de ribeira.

Do Pazo da Ribeira.













San Lorenzo
de Trasouto

Un xardín de paz

O xardín de San Lourenzo de Trasouto transcende a botánica. O de menos son as plantas, a cuncha e a cruz de Santiago que trazan os buxos no claustro. Non importan nin o trazado nin as fontes. Cal cumpre a un antigo mosteiro, o seu xardín é lugar de rezos e silencios. Un lugar que apetece os murmurios. Non se pode falar doutra maneira. Polo menos; non se debe. A auga con todo non obedece.

A auga que interpreta os seus rumores a tres voces estala en finos chorros na fonte coa claridade dunha trompeta. Óese o basto «plof» dun caño gordo nun pío e unha rápida corrente discorre pola gabia, pois, ao fin, isto é un horto e, nel, o xardín conserva intacta a súa alma de convento. Unha alma que é morada e non refuxio. Que se carga de enerxía a partir dos silencios e recobra a medida das cousas con só pasear entre os sebes. Entre cuadrículas que foron de prosaicas hortalizas –non hai moito de poesía nun pemento–, flúe unha tranquilidade que é plena e sen nostalgias. O ceo colabora

no empeño.

E o xardín comunica todo isto. Ao saír o ánimo está presto a afrontar o que faga falta.


Dentro o xardín respira en gris. O sol de tarde coa a luz xusta para tinguir de azulado os *parterres*. Faias e abetos recortan contra o ceo a silueta imaxinada da torre esmoucada dun castelo con ruinosas ameas e escaleiras. Un fornelo emerxe como pode entre grandes *palmeiróns datileiros*.

Inverosímiles rosas de *pitimini* crecen delicadas como sopros. Parece que se van a desfacer con só velas. Dalias, gardenias. Unha roseira silvestre nada da paisaxe. Pouco a pouco as árbores van pechando unha bóveda elevada de ramaxe que acaba en intrincada carballeira. Cheira a loureiro e a herba luísa. Por aquí atopouse unha imaxe de pedra da Virxe –século XV, din–, que agora preside o claustro en constante presenza do eterno. Non ten advocación determinada: a Virxe das Augas podería ser, pois habita un altar xunto á fonte. Uns cuantos anos acompañana –grosos como deben ser os anxos–, e ocúltanse con ela, entre os buxos. Imperturbable, a auga executa o seu concerto.


Do claustro á capela, Trasouto vólvese monumento e reafirma a súa identidade de mosteiro. A luz fíncase no retablo barroco e as árbores esperan; o que se celebra na igrexa –xa se sabe–, festéxase no xardín.

Ante as portas de San Lourenzo de Trasouto a cidade de Santiago de Compostela detense.

Non é para menos.















Fefiñáns

O bosque máxico

Tras as imponentes murallas do pazo de Fefiñáns escóndese un xardín máxico tupido de follaxe ao que se entra sen pensar. Como dun salto, por un gran portón que só se abre a medias.


Un espeso aroma a madreSelva frota sobre os fentos milenarios. A luz fíncase nas ramas das árbores. Longas sombras arrástranse polo chan inquietas e cambiantes. A contorna, pleno de estalos, murmurios e silencios, espalla a certeza de que o tempo aquí non conta. Foise. Ou polo menos, discorre no bico dos pés. Palmeiras, buxos, carballos. Unha roca de granito rosa do lugar como un gran elefante dormexa recuberta de musgo nun recuncho. Bancos de pedra. Claroscuros; só falta Alicia e o seu coello.

